

SER PARTE DA VIDA É TODO.

Cada vez que as persoas participan naquilo que as fai felices, a súa vida gaña sentido e forza.

Para iso existe a Terapia Ocupacional e por iso traballamos no COTOGA.

TERAPIA OCUPACIONAL...?

A Terapia Ocupacional acompaña a cada persoa para que poida **participar nas actividades que son importantes na súa vida**: ducharse, comer, vestirse, ler, xogar, traballar, durmir, quedar coas amizades, pasear ao can, contestar un correo ou coidar da familia.

Cando unha doenza, un accidente, unha discapacidade, unha situación social ou a mesma contorna poñen barreiras, a TO **procura formas de superalas**.

CADA PERSOA É ÚNICA.

Por iso, a Terapia Ocupacional traballa **cos seus desexos, a súa contorna e o seu día a día**. Porque as actividades cotiás non son pequenas: **son vida**.

AO LONGO DA VIDA

EN CADA ETAPA, PARTICIPAR IMPORTA.

Dende o embarazo ata os últimos anos da vida, a forma de participar vai cambiando.

A Terapia Ocupacional acompaña á persoa e tamén ás familias, centros, grupos, empresas e comunidades, para que a participación sexa posible **en cada momento**.

ESTÁ

A Terapia Ocupacional está en distintos sitios: no cole, no traballo, na casa, no barrio, no parque, no hospital, no ambulatorio, na residencia, na universidade...
onde a persoa pode participar.

CANDO A PRECISAS

Cando o cotián deixa de ser sinxelo. Cando a contorna non se adapta a ti. Cando **queres participar**, mais atopas barreiras. Cando precisas reorganizar o teu día a día tras un cambio importante.



PARTICIPAR É UN DEREITO

A xustiza ocupacional defende o dereito de todas as persoas, sen excepción, a vivir vidas **plenas e con sentido.**

Para facelo posible, é preciso garantir **a igualdade de oportunidades**, eliminando barreiras e creando apoios que permitan participar.

Participar **non é un privilexio. É un dereito.**

**PARA MARTIÑO,
PODER CALZARSE
OS ZAPATOS EL SÓ
CADA MAÑÁ
É TODO.**

PARA NÓS TAMÉN.

Porque acompañar ás persoas a poder formar
parte da vida, a través desas cousas
que lle dan calidade e significado,
é a Terapia Ocupacional.



SER PARTE DA VIDA É TODO.



T: 677 227 306

C: administracion@cotoga.es

**Rúa Boquete de San Andrés, 8
Local Eléctrica, A Coruña (15003)
cotoga.es**